

## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás once horas do día vinte e dous de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

Visto o expediente nº 2021/C005/000002 para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP, con base no acordo marco formalizado o 17 de xuño de 2019, remitido á Alcaldía.

Tendo en conta que con data 18 de novembro de 2021, a FEMP publicou na Plataforma de Contratación do Sector Público o acordo de resolución anticipada do acordo marco para a subministración de electricidade, con data de efectos o 22 de novembro de 2021, incluído, marcando ese mesmo día como o límite ata o que se poderán enviar documentos de invitación a través dese acordo marco.

Pola Alcaldía municipal considerouse debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de acordar o correspondente acordo.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

**2º.- Aprobación do expediente de contratación de “Subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP, con base no acordo marco formalizado o 17 de xuño de 2021”. Expediente núm. 2021/C005/000002**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«1. O Concello de Cambre, conforme coa Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro, atópase adherido á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades asociadas.

2. A FEMP, a través da súa Central de Contratación, ten licitado en beneficio dos seus asociados un acordo marco para a subministración en alta e baixa tensión que foi formalizado o 17 de xuño de 2019, por un período de 2 anos, ata o 17 de xuño de 2021, con IBERDROLA CLIENTES S.A.U., ENDESA ENERGÍA, S.A.U. e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. para os lotes 1 ao 7, prorrogable por períodos anuais.

3. A prórroga deste acordo marco executouse cun único adxudicatario para todos os seus lotes (ENDESA ENERGÍA S.A.U.), comunicándose por parte da Dirección Xeral de Servizos Xurídicos e Coordinación Territorial, da Central de Contratación da FEMP, que ao abeiro do devandito acordo poderían celebrarse novos contratos baseados a condición de que a súa adxudicación realizácese, e comunicácese á empresa adxudicataria, antes do 31 de decembro de 2021.

4. Con data 15 de novembro de 2021, a proposta da Comisión de Control e Supervisión do Acordo Marco reunida o 12 de novembro de 2021, acordouse publicar a resolución anticipada do acordo marco indicado, con data de efectos desde o 22 de novembro de 2021, incluído, e con base no disposto no artigo 211.1 letra g da Lei de contratos do sector público. A dita publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público levouse a cabo o pasado 18 de novembro de 2021.

A data do 22 de novembro de 2021 marca o límite ata o que poderán enviarse documentos de invitación a través deste acordo marco, conforme co disposto no art. 219.3 da LCSP, tendo, a empresa adxudicataria, a obriga de presentar ofertas no prazo establecido, mesmo cando este exceda a data anteriormente indicada.

5. Na licitación do acordo marco, a FEMP observou todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das administracións públicas.

6. Con base no citado acordo marco, o Concello de Cambre pode subscribir o correspondente contrato baseado coa empresa adxudicataria, cuxo obxecto comprenderá a prestación da subministración referida no acordo marco nas condicións que se fixan no PCAP e PPT.

7. No proxecto de orzamento para o exercicio 2022 consígnase unha cantidade total de setecentos mil euros (700.000 €), en distintas aplicacións, relativas á subministración de electricidade.

8. Orzamento base de licitación do contrato (artigo 100 LCSP):

o Base imponible:	578.512,40 €
o IVE:	121.487,60 €
o Total:	700.000,00 €

9. Valor estimado do contrato (artigo 101 LCSP): 578.512,40 €

10. Consta o informe da Secretaría e Intervención municipais de data 22 de novembro de 2021.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade da contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión correspondente aos puntos de subministración do Concello de Cambre (edificios, instalacións de iluminación pública, bombeos...), tratándose dun servizo necesario para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello, tanto na prestación de servizos mínimos do artigo 26 da Lei 7/1985, como no exercicio das competencias propias atribuídas polo artigo 25.2 do dito texto normativo (iluminación pública, instalacións deportivas de uso público, abastecemento de auga e rede de sumidoiros, equipamentos culturais, etc.), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** De conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000002, correspondente á subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, cun valor estimado de 578.512,40 euros, e cun orzamento base de licitación de 700.000 euros IVE incluído (578.512,40 sen IVE), isto a teor do establecido na Disposición adicional terceira, punto 10, da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por importe de setecentos mil euros (700.000 €), previsto en distintas aplicacións do proxecto de orzamento para o exercicio 2022, relativas á subministración de electricidade.

**Cuarto:** Aprobar que a tramitación, adxudicación, formalización e execución do contrato baseado, rexerese polos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexen o acordo marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

**Quinto:** Iniciar o procedemento de adxudicación segundo o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o acordo marco e, para tal efecto, remitir o documento de invitación conforme co modelo normalizado aprobado pola Central de Contratación da FEMP á empresa "Endesa Energía S.A.U.", para que no prazo de 15 días naturais a contar do seguinte á recepción do requirimento, presente a correspondente oferta.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López